

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA E A AGENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA EL DESARROLLO PARA A ACTUACIÓN CONXUNTA E COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA 2023/2026

(1) A vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 84 da citada Lei enuncia entre as modalidades de cooperación económico-financeira a acción humanitaria e axuda de emerxencia que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario. Tamén inclúe as actuacións de prevención de desastres e de redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia, a axuda alimentaria e sanitaria de emerxencia e a asistencia a persoas refuxiadas, desprazadas internas e migrantes forzosas.

(2) Antecedentes:

Os sucesivos Plans Directores da Cooperación Galega, establecen como resultado de xestión a participación activa nos espazos e iniciativas de cooperación da cooperación española, que inclúe o fondo humanitario común coordinado pola Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) obxecto deste convenio. para o cal consígnanse anualmente créditos orzamentarios.

Un destes espazos e iniciativas de coordinación, se abriu coa firma dun Convenio Marco Xeral en outubro de 2013, que se desenvolveu de xeito específico en materia de acción humanitaria coa sinatura en 2015 do Convenio marco entre a Xunta de Galicia, por medio da extinta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a “Secretaría General de Cooperación Internacional para el Desarrollo” para a articulación, coordinación e



complementariedade en materia de cooperación descentralizada, ao que se lle deu continuidade a través do convenio asinado o 3 de outubro de 2018, cuxa vixencia foi prorrogada ata o ano 2022.

Co obxecto de continuar co cumprimento dos obxectivos da cooperación descentralizada, no pasado mes de novembro de 2022, iniciouse, como expediente anticipado de gasto, a tramitación dun novo convenio de carácter plurianual por 4 anos, o cal finalmente asinouse con data 14 de marzo de 2023 e acadou a fase D en contabilidade o día 16 de marzo de 2023, non habendo máis fases contables posteriores a esa data.

Nesas mesmas datas, en concreto o día 14 de marzo, a AECID procedeu a inscribir no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO) o dito Convenio, advertindo, nese momento, que na tramitación previa omitírase a autorización preceptiva do Ministerio de Facenda e Función Pública, polo que débese deixar sen efecto o convenio asinado e tramitar un novo que inclúa as exixencias do Ministerio de Facenda. Xunto a presente memoria, achéganse os seguintes documentos: informe do Ministerio de Facenda e Función Pública inicial, novo requirimento de dito Ministerio e contestación da AECID a este último requirimento.

(3) Breve exposición dos cambios introducidos:

Por parte da AECID, redactouse un novo texto moi similar ao informado favorablemente no mes de setembro, incorporándose as cuestións seguintes:

- No terceiro parágrafo do apartado expositivo actualizouse o marco xurídico de cooperación no ámbito estatal: actualización da referencia á lei de cooperación, procedendo a substituír as referencias á Lei 23/1998, do 7 de xullo, de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento pola recentemente aprobada Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global (que derroga a anterior).
- No parágrafo expositivo relativo ao marco de actuación da Comunidade Autónoma de Extremadura actualizouse o marco normativo en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento.
- No parágrafo do expositivo relativo ao impacto da Covid 19 pprocedeuse a actualizar..



- No último parágrafo do expositivo do proxecto de convenio corrixiuse o erro material indicado pola MINHAFP, eliminando a palabra “específico”.
- Por indicación da Asesoría Xurídica, incorporouse un último parágrafo do expositivo, relativo á necesaria derogación do texto rexistrado con data 14 de marzo 2023 no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), explicando que na tramitación omitiuse a autorización preceptiva do Ministerio de Hacienda y Función Pública, polo que as partes de mutuo acordo, deciden deixar sen efecto dito convenio e celebrar un novo que inclúe as exixencias de dito Ministerio.
- No punto 3 da Cláusula segunda, relativa ao fondo de continxencia, incorporouse un parágrafo indicando que se o Fondo de Continxencia non se asignara na súa totalidade antes do último trimestre do exercicio, a Comisión decidirá a que proxecto ou programa concreto se asignará o orzamento.
- No primeiro parágrafo da Cláusula terceira, relativa aos compromisos da AECID, no primeiro parágrafo da Cláusula cuarta, relativa aos compromisos das Comunidades Autónomas e no primeiro parágrafo da Cláusula quinta, relativa aos compromisos da FEMP, por indicación do MINHAFP, inclúese un intervalo con aportación mínima e máxima no caso da AECID, as CCAA e a FEMP, respectivamente.
- No apartado 1 das Cláusulas cuarta e quinta, relativa aos compromisos das Comunidades Autónomas e da FEMP, respectivamente, por indicación do MINHAFP, detallouse que o pagamento da primeira anualidade realizarase unha vez que o convenio sexa eficaz.
- No segundo parágrafo da Cláusula cuarta, por indicación do MINHAFP, incorporouse un parágrafo indicando que a Comunidade Autónoma afectada polo non cumprimento da aportación económica ao convenio deberá comunicalo á AECID ao obxecto de resolver o convenio con ese asinante por incumprimento dos seus compromisos.
- Por analoxía, recolleuse la mesma obrigaón que no punto anterior na Cláusula quinta, relativa aos compromisos da FEMP.
- No punto 4 da Cláusula sexta, por indicación do MINHAFP, explícase que será a Comunidade Autónoma de Canarias a que ostente o primeiro turno de presidencia, a partir da cal, seguirase a orde establecida no acordo da citada Comisión de coordinación.
- No punto 7 da Cláusula sexta, por indicación do MINHAFP, incorporouse parte do contido do anexo 1 (Regulamento da Comisión de coordinación, seguimento vixilancia e control



do convenio), mantendo o contido íntegro del anexo 1, a fin de recoller nun único documento toda a información relativa á Comisión.

- Incorporouse unha Cláusula décimo terceira, relativa á derogación do convenio anterior.

(4) **Finalidade** Dar continuidade á colaboración entre a AECID e a cooperación descentralizada para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar un novo convenio para os anos 2023 a 2026.

(5) O presente convenio ten por **obxecto** regular a colaboración das partes en materia de acción humanitaria, e de maneira específica, o establecemento das finalidades concretas de dita colaboración, así como os compromisos financeiros asumidos polas mesmas.

(6) O presente convenio, pola natureza do seu contido de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, precisa da súa urxente posta en marcha, tendo en conta, ademais do anterior, que non ten carácter de subvención e non está sometido, polo tanto, a lei 9/2007, do 13 de xuño, senón que se rexe pola lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, artigos 47 e 48 e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991.

(7) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 400.000 € (catrocentos mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 06.07.331A.490.0 coa seguinte distribución orzamentaria:

Aplicación	2023	2024	2025	2026
06.07.331A.490.0.	100.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00
Total	100.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00

(8) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio excluído do ámbito da lexislación en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de



Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Jesús Gamallo Aller

Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

